

## ANEXO II

A Axencia Galega das Industrias Culturais iniciou os trámites para a contratación de persoal laboral temporal, en réxime de interinidade, dun posto de técnico/a luces, grupo III categoría 45 ; código ED.A11.00.005.15770.053, no Departamento de Produción Teatral, consonte ao sistema de listas actualmente vixente para estes efectos mediante solicitude co código 70821 e data 25/02/2025.

Con data 27/03/2025 recíbese a autorización conxunta para a cobertura temporal da praza anteriormente nomeada polo procedemento establecido no Decreto 37/2006, do 2 de marzo. Porén, a Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal comunicou, mediante escrito do 01/04/2025, que non existen integrantes das listas para a cobertura do citado posto, polo que neste suposto debe procederse de acordo co disposto no artigo 7.5.b) 1.2 do V Convenio colectivo único para persoal laboral da Xunta de Galicia, que establece: "*De non existiren listas elaboradas para o efecto, solicitarase da oficina pública do Servizo Público de Emprego, de xeito xenérico, un mínimo de tres traballadores/as en situación de desemprego, por cada unha das vacantes que se pretenda cubrir. Así mesmo, no taboleiro de anuncios da consellería ou centro de que se trate, daráselle publicidade á citada petición, na que deberá constar o número de prazas, os requisitos a cumplir e o prazo de presentación de instancias co fin de que os/as interesados/as nas vacantes ofertadas poidan participar no proceso selectivo que se realice para o efecto. A composición do órgano de selección será a regulada no artigo 11. O tribunal, unha vez constituído, aprobará as bases da convocatoria que rexerá o proceso de que se trate. Na selección aplicarase o baremo que figura como anexo III do presente convenio*".

Por todo o exposto nos parágrafos anteriores, esta dirección, no uso das facultades conferidas polo artigo 21 do Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais, aprobada polo Decreto 150/2012, do 12 de xullo

### **DISPÓN:**

1.- A composición do tribunal para a selección de persoal laboral temporal para a cobertura dun posto de traballo do grupo III, categoría 45, técnico/a luces , código ED.A11.00.005.15770.053, no Departamento de Produción Teatral é a seguinte:

**Presidente/a:** María A. Antón Vilasánchez

**Vogal:** María José Felipez Regueira

**Secretaria:** Paula Lorenzo Vázquez

2.- As persoas que componen o tribunal deberanse abster de formar parte del ou poderán ser recusadas cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada perante a Presidencia da Agadic no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 4 do Decreto 150/2012, do 12 de xuño, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela,

O director da Agadic

Jacobo Sutil Nesta